

**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

INFORME DE VALORACIÓN DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONCESION DA XESTION DO SERVIZO PUBLICO DO APARCADOIRO PUBLICO DA PRAZA DE PORTUGAL (EXPEDIENTE 429-449) E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS

Con carácter previo á realizar a valoración dos criterios avaliados mediante fórmula é preciso analizar as aclaracións presentadas polos licitadores con relación a algún destes criterios á petición da Mesa.

A Mesa de Contratación en sesión de data 24 de febreiro de 2016 adoptou o seguinte Acordo:

"1º.- Conceder un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á recepción da solicitude, ós licitadores CONTINENTAL PARKING, S.L, EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS, S.A., e a UTE formada polas mercantís EMSERCO, SOGESEL, INGESER e ATLANTICA, para que aclaren, sen modificar a oferta presentada, os seguintes extremos das súas ofertas:

- Con relación ó criterio avaliado mediante fórmula recollido no apartado 2.3 da cláusula 16ª.2. "Porcentaxe de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 PCAP": en que paxina do Plan económico-financieiro e con que número, se prevé o número de abonos de non residentes que existirán no aparcadoiro.*
- Con relación ó criterio avaliado mediante fórmula recollido no apartado 2.4 da cláusula 16ª.2 "Incremento da porcentaxe de prazas reservadas para residentes": a coherencia do porcentaxe de incremento de prazas de residente co porcentaxe total de prazas de residentes fixados no modelo de proposición, e a coherencia de ambos en relación coa totalidade das prazas do aparcadoiro e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financieiro.*

Advertíndolles que están incursas nunha posible causa de exclusión consonte as cláusulas 14 e 18 do PCAP e o artigo 84 do RLCA."

Durante o prazo concedido ao efecto, CONTINENTAL PARKING, S.L., EMPARK APARCAMENTOS E SERVIZOS, S.A, e UTE EMSERCO, SOGESEL, INGESER, ATLANTICA, presentaron escritos de aclaracións. Neste mesmo prazo, o licitador INTERPARKING HISPANIA presenta alegacións, así como a empresa



CONTINENTAL PARKING, S.L. no seu escrito de aclaracións.

En primeiro lugar analizaranse as aclaracións presentadas e a continuación contestaranse as alegacións.

Por razóns de sistemática, parece preferible analizar por separado as aclaracións relativas a cada un dos criterios sobre os que se solicitou aclaración.

ACLARACIÓN DOS LICITADORES

1º.- Criterio avaliable mediante fórmula recollido no apartado 2.3 da cláusula 16ª.2. "Porcentaxe de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 PCAP"

Con relación a este criterio solicítouse ós licitadores "en que paxina do Plan económico-financeiro e con que numero, se prevé o numero de abonos de non residentes que existirán no aparcadoiro".

EMPRESA CONTINENTAL PARKING S.L.

A empresa di que a oferta e a seguinte :

"4. Propón un 99% de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 PCAP.

Isto significa que estableceríase un desconto do 99% sobre o prezo de 143,82 € fixado na cláusula 8.2. do prego, e dicir que se estableza en 1,44 €. e nas nosas hipóteses non se prevé que chegue a utilizarse esa tarifa e en todo caso a súa aplicación sería inmaterial dende o punto de vista económico e financeiro polo reducido numero de abonados a aplicar; xa que prevemos que o 95% dos abonados sexan residentes e dicir 47,5 prazas e o restante 5% se destine a ese tipo de abono ; que o prezo ofertado de 1,44 €/ abono no afecta a coherencia de todo o plan económico financeiro xa que o seu impacto sería inmaterial. Se prevé que o limite de abonos de 24 horas se esgote coa venta preferente a residentes (así indicase no ultimo paragrafo da paxina 5)."

Así mesmo tamén indica que o PCAP ni establece un limite para a diminución da tarifa de abonos mensuais de non residentes nin contempla a obrigación de subscribir un número mínimo desta clase de abonos, polo que consideran a súa oferta coherente cos Pregos de Condicións.

Do exame da aclaración se desprende que a empresa xustifica a previsión de prazas de abono para non residentes contemplándoas dentro das prazas totais destinadas a abonados, destas manifesta que se destinarían a abonados non



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

residentes un 5%, e engade que “ **na súa hipótese non prevén que se utilice esta tarifa** ”.

O Regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo público do aparcadoiro determina no artigo 26 que “o número de prazas destinadas as distintas modalidades de abono libre será fixado discrecionalmente polo concesionario co conforme do Concello, dentro da dotación de prazas de rotación do aparcamento”.

E a cláusula 2.ª4 do prego de cláusulas administrativas particulares di que “Reservaranse para uso de residentes en réxime de abono como mínimo o 20% das prazas do aparcadoiro. Estas prazas poderán ser ofertadas temporalmente en rotación cando non exista demanda para as mesma”.

De resultar acreditado que os abonos de non residentes están incluídos nos de residentes, non resultaría posible valorar a oferta deste licitador no criterio 2.4, por canto as cifras consignadas na súa ofertas relativas ó mesmo non resultarían certas. E de aceptar esta aclaración, estaría modificándose a oferta do licitador.

Se ben é certo, como di o licitador, que no PCAP non se establece un límite a diminución da tarifa de abonos mensuais de non residentes, nin se contempla a obriga de ofertar un número mínimo de esta clase de abonos. No entanto, tamén é certo que na cláusula 14 apartado C punto 5 do PCAP esíxese que no sobre “C”, o licitador ten a obriga da presentación dun plan económico financeiro, e sobre o mesmo indica no parágrafo 2 :

“ *deberá conter unha memoria explicativa dos valores adoptados para as variables fundamentais que interveñan na proposta, así como as hipóteses realizadas para a súa evolución ao longo do período concesional ofertado.*” e engade no penúltimo parágrafo que: “ *toda a información se aportara co máximo nivel de detalle garantindo a coherencia, fiabilidade e viabilidade dos datos propostos. O estudo incluía as previsións de evolución das actividades, así como o número de abonados titulares segundo a diversidade do proxecto de xestión.*”

A tarifa que propón a empresa para o abono mensual de non residente é de 1,44 €, prezo que coincide coa tarifa ofertada para unha hora en rotación. O licitador manifesta que “non prevén que se utilice esta tarifa”. O certo é que está tarifa resultaría moi atractiva para os usuarios, polo que, en contra do que di o licitador, tería previsiblemente unha gran demanda, ois é máis barata que



a prevista para os abonos de residentes, que é de 31,64 €.

A cláusula 8.2. do PCAP “ TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO “ di que “a contraprestación do concesionario consistira nas tarifas que abonen os usuarios polo uso das prazas de aparcadoiro, que serán determinadas polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, consonte a oferta do adxudicatario”, e fixa a continuación os importes provisionais máximos, importes que son susceptibles de ser rebaixados polos licitadores nas súas ofertas. Estas tarifas terán o carácter de máximo podendo aplicarse polo concesionario tarifas inferiores cando o estime convínente, sempre que non sexan discriminatorias, previa solicitude e autorización municipal. Como ponse de manifesto na citada cláusula, o prego prevé que no contrato non se apliquen **tarifas discriminatorias**, o que produciríase de aceptarse unha tarifa de abono de non residentes, moi inferior á tarifa ofertada para os abonos de residentes, tal e como acontece neste caso.

Da aclaración realizada pola empresa resulta que:

- 1.A empresa xustifica na súa aclaración que se contemplan estes abonos dentro das 50 prazas que oferta para residentes. De resultar acreditado que os abonos de non residentes están incluídos nos de residentes, non resultaría posible valorar a oferta deste licitador no criterio 2.4, por canto as cifras consignadas no mesmo non resultarían certas. De aceptar esta aclaración, estaría modificándose a oferta do licitador, xa que implicaría unha modificación do número de prazas ofertadas pola mesma para residentes, que xa non serían 50, tal e como consigna no plan económico financeiro. Ademais, incumpriría o disposto no Regulamento regulador do servizo que di, que os abonos libres serán fixados dentro das prazas de rotación.**
- 2.A empresa di que non prevén que se utilicen, polo que propón unha tarifa que non prevé aplicar.**
- 3.A cláusula 8.2. do PCAP prevé que no contrato non se apliquen tarifas discriminatorias, o que produciríase de aceptarse unha tarifa de abono de non residentes, moi inferior á tarifa ofertada para os abonos de residentes, tal e como acontece neste caso, no que a tarifa de abono de non residente é de 1,44 €, e a de residentes de 31,65 €.**

En consecuencia, considerase que **a oferta realizada neste criterio pola empresa Continental Parking, S.L., non pode ser obxecto de valoración** polos motivos expostos.

EMPRESA EMPARK, S.A

En relación con o punto 2.3. di que nas paxinas nº19 e nº 20 do sobre C “proposición avaliable mediante formula “se recolle a estimación de abonos totais de vehículos tanto de residentes como de no residentes concretando unicamente o reparto entre tipoloxía de abono diúrno, nocturno o 24 horas, e detallan que os abonos previstos son os



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

seguintes :

abonos para residentes nocturnos	49
abonos para residentes 24 horas	15
abonos diúrnos xerais	10
abonos 24 horas xerais	5

aplicando as tarifas ofertadas aos abonos resulta coincidente coa estimación de recadación prevista 57.045,82 €.

Engaden que contemplouse a implantación de ambos tipos de abonos conforme a demanda que os estudos de campo detectaron.

Comprobada a aplicación dos prezos ofertados aos abonos descritos pola empresa comprobouse que a cantidade resultante e 57.045,82 € cantidade que si figura no PEF

Na xustificación presentada en relación a solicitude de aclaración sobre o nº de abonados no residentes previstos na súa oferta indica, que na oferta presentada no aporta o detalle concreto, xa que no estaba especificamente esixido nos pregos, pero que dito dato forma parte do arquivo do calculo da proxección económica, do cal indica nesta aclaración que en relación os abonos xerais -non residentes- a súa estimación e de 10 abonos diúrnos e 5 abonos de 24 horas.

Examinado o contido da aclaración é certo que a empresa parece contemplar na súa oferta 10 abonos diúrnos (6 €) e 5 abonos de 24 horas (7.19 €)para non residentes aínda que os mesmos non figuran no PEF onde soamente di:

Estimación nº de abonos nocturnos: 10
Estimación nº de abonos nocturnos: 49
Estimación nº de abonos 24 horas: 20
recadación de abonos: 57.045,82 €

Tal e como se manifestou ó analizar a aclaración de CONTINENTAL, na cláusula 8.2. do PCAP " TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO " di " a contraprestación do concesionario consistirá nas tarifas que abonen os usuarios polo uso das prazas de aparcadoiro, que serán determinadas polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, consonte a oferta do adxudicatario" e fixa a continuación os importes provisionais máximos, importes que son susceptibles de ser rebaixados polos licitadores nas súas ofertas. Estas tarifas terán o carácter de máximo podendo aplicarse polo concesionario tarifas inferiores cando o estime convínle, sempre que **non**



sexan discriminatorias, previa solicitude e autorización municipal. Como ponse de manifesto na citada cláusula, o prego prevé que no contrato non se apliquen tarifas discriminatorias, o que produciríase de aceptarse unha tarifa de abono de non residentes, moi inferior á tarifa ofertada para os abonados de residentes, tal e como acontece neste caso.

Da aclaración realizada pola empresa resulta que:

1. **A cláusula 8.2. do PCAP prevé que no contrato non se apliquen tarifas discriminatorias, o que produciríase de aceptarse unha tarifa de abono de non residentes, moi inferior á tarifa ofertada para os abonados de residentes, tal e como acontece neste caso, no que a tarifa de abono de non residente é de 7,19 €, e a de residentes de 94,92 €.**

En consecuencia, considerase que **a oferta realizada neste criterio pola empresa EMPARK, non pode ser obxecto de valoración** polo motivo exposto.

UTE EMSERCO, SOGESEL, INGESER, ATLANTICA

Di que nos estudos realizados e nos do propio Concello os abonados non residentes son insignificantes como se detalla no propio estudo de viabilidade económica incorporado ao expediente nos que non se contemplan os abonados non residentes motivo polo que non se tiveron en conta no estudos efectuado para reflexar a realidade.

Na cláusula 14 apartado C punto 5 do PCAP esíxese que no sobre "C", o licitador ten a obriga da presentación dun plan económico financeiro, e sobre o mesmo indica no paragrafo 2 :

" deberá conter unha memoria explicativa dos valores adoptados para as variables fundamentais que interveñan na proposta, así como as hipóteses realizadas para a súa evolución ao longo do período concesional ofertado." e engade no penúltimo paragrafo :" toda a información se aportara co máximo nivel de detalle garantindo a coherencia, fiabilidade e viabilidade dos datos propostos. O estudo incluía as previsións de evolución das actividades , así como o numero de abonados titulares segundo a diversidade do proxecto de xestión."

Coa aclaración ponse de manifesto que a empresa non os contemplo por considerar que a incidencia dos mesmos no estudo de viabilidade económica é mínimo.

Á vista do exposto, conclúese que:

"Non pode ser obxecto de valoración a oferta formulada pola UTE EMSERCO, SOGESEL, INGESER, ATLANTICA neste criterio, xa que no seu plan económico-financiero non se reflicten abonados de non residentes ofertados tal e como esixe a cláusula 14 do PCAP".



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

2º.- Criterio avaliable mediante fórmula recollido no apartado 2.4 da cláusula 16ª.2 “Incremento da porcentaxe de prazas reservadas para residentes”.

Con relación a este criterio solicítouse ós licitadores que aclarasen “a coherencia do porcentaxe de incremento de prazas de residente co porcentaxe total de prazas de residentes fixados no modelo de proposición, e a coherencia de ambos en relación coa totalidade das prazas do aparcadoiro e as prazas previstas de residentes no Plan económico-financieiro”.

En primeiro lugar é necesario considerar a regulación incluída no prego de prescricións técnicas particulares e no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación e o contrato, en relación co as prazas reservadas para residentes:

- *O prego de prescricións técnicas particulares na cláusula 2 di “Dentro das prazas destinadas a aparcadoiro de automóbiles e motocicletas, un 20% de cada unha delas como mínimo, reservaranse para aboados residentes, nas condicións establecidas no regulamento do servizo. Estas prazas poderán ser ofertadas temporalmente en rotación cando non exista demanda para as mesmas. O resto ofreceranse ao público en xeral en réxime de rotación ou abono, segundo determine o concesionario.*
- *O PCAP, indica no punto 4., da cláusula 2ª, que “Se reservarán para uso de residentes en réxime de abono como mínimo o 20 % das prazas do aparcamento”.*
- *O PCAP no apartado 7 do modelo de proposición económica, solicita que o licitador indique: “Propón ___% porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun ___% das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes.”*
- *No apartado 2.4, sobre os criterios avaliables mediante formula ou índice, indicase que se valorará “o incremento da porcentaxe de prazas reservadas a residentes”.*

En relación co este criterio as empresas requiridas presentan as seguintes aclaracións

EMPRESA CONTINENTAL PARKING S.L.



Di que o prego establece un mínimo de 179 prazas de vehículos de turismo das que un 20% deben destinarse a abonos de residentes, e dicir 35,8 prazas; na súa oferta destinárase a abonos de residentes 50 prazas e dicir un 39% máis das que establece o prego, o que supón un 25 % das prazas do aparcadoiro de vehículos de turismo. As 27 prazas de motocicletas aplicaríanse os mesmos porcentaxes.

Sumando ás 50 prazas de automóbiles de residentes, as 7 de motocicletas (cantidade resultante de aplicar o 39% as prazas mínimas de motocicletas) resultaría un total de 57 prazas de residentes, o que supón un 25 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes, tal e como manifesta o licitador.

Como se pode apreciar, coa aclaración pónse de manifesto que a oferta neste criterio é correcta, polo que procede a súa valoración.

EMPRESA EMPARK, S.A

En relación con o criterio 2.4. di que nas paxinas nº 8 e nº 20 se cuantifican en 64 as prazas para residentes que se refiren exclusivamente as prazas de automóbil que sobre un total de 181 prazas representa un 35% das prazas de automóbil o que representa un 15% adicional ao 20%. Engaden que evidentemente o mesmo porcentaxe do 35% é de aplicación as motocicletas, se ben non quedaron reflectidas no estudio económico financeiro por considerarse depreciable aos efectos de estimación de ingresos e por non haber detectado demanda.

Da aclaración resulta que a empresa oferta un 15% de incremento sobre prazas de residentes, tanto de automóbiles como de motocicletas, resultando 64 prazas de automóbiles e 6 de motocicletas, é dicir, un total de 70 prazas reservadas a residentes.

É preciso por de releve que o licitador fai a oferta consignando o incremento da porcentaxe das prazas reservadas a residentes (15% sobre o 20%). No entanto, no modelo de proposición económica debería propoñer a porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes. Para poder valorar o ofertado neste criterio, é necesario transformar o incremento do 15% en a porcentaxe de incremento sobre as prazas mínimas de residentes fixadas nos pregos (41,2 prazas), o que non supón modificación na oferta presentada.

Tras efectuar esta operación, comprobouse que a porcentaxe de incremento é dun 69,90%, (equivalente ao 15% engadido ao 20% que oferta o licitador) resultando, tal é como di, un 35% das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes, é dicir, 70 prazas.

Como se pode apreciar, coa aclaración pónse de manifesto que a oferta neste criterio é correcta, polo que procede a súa valoración.



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

EMPRESA UTE EMSERCO, SOGESEL, INGESER, ATLANTICA

En relación con o punto 2.4. o licitador di que tomou como referencia as prazas que se indican na cláusula 2 .-OBJETO DO CONTRATO.

2)A capacidade do aparcadoiro se estima en 179 prazas para vehículos automóbiles e 27 prazas para motocicletas .

Considera que os valores de referencia deben ser os dos pregos posto que debe rexer un criterio unánime e igualitario. Aumentan o porcentaxe do 20% nun 7,94 % o que da como resultado un 27,94%.

prazas de referencia		% ofertado 27,94%
prazas para vehículos	179	50,01
prazas para motocicletas	27	7,54
	206	57,56

É preciso por de releve que o licitador fai a oferta consignando o incremento da porcentaxe das prazas reservadas a residentes (7,96% sobre o 20%). No entanto, no modelo de proposición económica debería propoñer a porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes. Para poder valorar o ofertado neste criterio, é necesario transformar o incremento do 7,96% en a porcentaxe de incremento sobre as prazas mínimas de residentes fixadas nos pregos (41,2 prazas), o que non supón modificación na oferta presentada.

Tras efectuar esta operación, comprobouse que a porcentaxe de incremento é dun 35.92 % (equivalente ao 7,96% engadido ao 20% que oferta licitador), resultando un 27.05 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes. (o licitador no proxecto técnico contempla 186 prazas de automóbiles e 21 de motocicletas)

Como se pode apreciar, coa aclaración ponse de manifesto que a oferta neste criterio é correcta, polo que procede a súa valoración.

ALEGACIONES DA EMPRESA INTERPARKING HISPANIA, S.A

En data 8 de marzo de 2016, ERNESTO PIERA TRIUS actuando en nome e representación da mercantil INTERPARKING HISPANIA SA presenta escrito de



alegacións dirixido a mesa de contratación en relación coa acta da mesa de data 25 de febreiro de 2016 co seguinte contido:

PRIMEIRA :

En canto as respostas as alegacións formuladas no escrito de data 15 de decembro de 2015 referentes aos criterios avaliábeis mediante fórmula o índice respecto a os apartados 16.2.1. 16.2.5. e 16.2.6 da interpretación conxunta desprendese que as tarifas de estancias de menos de 60 minutos e de menos de 15 minutos en ningún caso poderán sobrepasar a tarifa máxima absoluta que se establecera na oferta una vez aplicado o desconto ofertado na cláusula 16 .2.1.

Aínda sendo certo o que di o informe da xefa do servizo de transportes, tamén e certo que unha vez ofertado un porcentaxe de diminución da tarifa minuto dita tarifa se converte na tarifa minuto máxima do licitador que ven a substituír a provisional que indica a cláusula 8ª; si so se tivese en conta que non se sobrepase a tarifa máxima provisional da cláusula 8ª podería darse a paradoxa de que a tarifa que se aplica as estancias menores de 60 e 15 minutos sexan superiores as da tarifa minuto

Se se admitisen eses descontos non se cumpriría o compromiso de aplicar una tarifa máxima determinada que quedaría excedida para estancias de 15/60 minutos en contravención con o prego

É certo o que di a empresa alegante en relación a que ofertada a porcentaxe de diminución da tarifa minuto, dita tarifa convertese na tarifa minuto máxima do licitador, que ven a substituír a provisional da cláusula 8ª, e é a citada tarifa ofertada por cada un dos licitadores a que utilízase de referencia para valorar ou non valorar as porcentaxes de diminución ofertados por cada un dos licitadores nas súas ofertas nos apartados 16.2.5. e 16.2.6, e así se recolle nos criterios 2.5 e 2.6 avaliábeis mediante fórmula: “ para outorgar puntuación neste criterio e necesario que a tarifa resultante sexa inferior a fixada no apartado 2.1”

Como xa foi contestado no informe de data 24 de febreiro de 2016, a oferta presentada pola empresa CONTINENTAL PARKING S.L. en relación cos criterios regulados nos números 2.5 e 2.6 nos que as tarifas resultantes son superiores a ofertada no criterio 2.1, e a oferta de SABA APARCAMIENTO S.A no criterio número 2.5, no que a tarifa resultante e superior a ofertada no criterio 2.1, non poden ser obxecto de puntuación de conformidade co previsto na cláusula 16, criterios 2.5 e 2.6 do PCAP, no que esta expresamente previsto que nestes criterios outorgárase puntuación soamente cando a tarifa resultante sexa inferior a fixada no apartado 2.1

SEGUNDA :

O prego non distingue na cláusula 8ª entre abonos de residentes e non residentes senón que establece máximos absolutos para as diferentes fraccións horarias no que respecta aos abonados polo que



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

ditos máximos son a referencia para tódolos usuarios polo que o que a adjudicataria ofrezca na cláusula 16.2.2 non pode superar o importe ofrecido na cláusula 16.2.3 .

É certo o que di a empresa alegante en relación co que na cláusula 8 o prego non distingue entre abonos de residentes e non residentes, non obstante non se fixa como di a empresa que a cláusula 16.2.2 non pode superar o importe ofrecido na cláusula 16.2.3.

TERCEIRA :

O contido do informe en relación coa posible exclusión dunhas empresas en relación co criterio 16.2.3. non se considera correcto, aínda que si se considera que as empresas CONTINENTAL E EMPARK si deben ser excluídas pero polos motivos expostos.

O contido do informe emitido na data 24 de febreiro de 2016 en relación coa posible exclusión dunhas empresas realizouse con estrita suxeición ao disposto no prego de condicións que rexe a licitación e non interpretando o citado prego como fai a empresa alegante.

ALEGACIÓNS DA EMPRESA CONTINENTAL PARKING

A empresa CONTINENTAL PARKING, S.L. no escrito de aclaracións dirixido a Mesa de Contratación en data 29 de febreiro de 2016, presenta as seguintes alegacións:

- 1. Que a notificación remitida por correo electrónico o xoves 25 de febreiro era incompleta recibindo o texto completo o venres día 26 de febreiro polo que o prazo fixado ate o día 29 de abril, finalizaría o día 1 de marzo.**

Como queira que a empresa CONTINENTAL PARKING S.L. presentou o escrito dentro do prazo conferido, considerase subsanada a posible deficiencia en canto ao prazo concedido para a presentación das alegacións.

- 2. Que a proposición formulada garda total e absoluta concordancia coa documentación presentada e é plenamente respectuosa e**



axustada ás esixencias do PCAP.

A resposta a esta alegación esta incluída no presente informe, no análise relativo as aclaracións presentadas pola empresa alegante.

- 3. Que a vista dos escritos presentados por un terceiro licitador, a xefa do servizo de transportes emitiu un informe no que ponse de manifesto os mesmos extremos alegados polo licitador como posibles causas de exclusión.**

O informe emitido pola xefa do Servizo de Transportes en data 24 de febreiro de 2016 expón os contidos de tódalas ofertas presentadas que, ó seu xuízo, han de ser obxecto de aclaración para poder realizar a valoración das mesmas.

- 4. Que queren deixar constancia de que sorpréndense de que se de resposta ao pataleo da empresa INTERPARKING HISPANIA S.L.**

E obrigatorio para a Administración a resposta a tódalas alegacións e cuestións plantexadas nos expedientes.

VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA

Na aplicación dos criterios de valoración previstos na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión do servizo publico do aparcadoiro situado na praza de Portugal que se transcriben a continuación, e coas aclaracións realizadas, resultan as puntuacións que se inclúen nas táboas que se axuntan ao presente informe.

Anexasen as seguintes táboas:

Táboa-0. Relación de empresas licitadoras, admitidas o proceso de licitación.

Táboa-1. Datos da apertura das ofertas do sobre "C".

TÁBOAS DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS:

2.1 Porcentaxe de diminución do importe da tarifa minuto máxima fixado na cláusula 8 do PCAP para o uso rotatorio das prazas de aparcamento : se valorara con ata 15 puntos.

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 2

2.2 Porcentaxe de diminución do importe dos abonos mensuais



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

**de automóbiles previstos na cláusula 8 PCAP, a aplicar ós residentes :
se valorara con ata 14 puntos**

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 3

**2.3 Porcentaxe de diminución do importe dos abonos mensuais de
automóbiles previstos na cláusula 8 PCAP : se valorara con ata 10
puntos.**

Non son obxecto de valoración neste criterio as propostas formuladas polas
empresas CONTINENTAL PARKING S.L, EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS
S.A. e a UTE EMSERCO, SOGESEL, INGESER, ATLANTICA polos motivos
expostos no presente informe . :

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 4.

**2.4. Incremento do porcentaxe de prazas reservadas para residentes:
se valorara con ata 8 puntos .**

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 5.

**2.5 Porcentaxe de diminución do importe da tarifa minuto máxima
fixado na cláusula 8 do PCAP para o uso rotatorio das prazas de
aparcamento cando o tempo de estancia do vehículo non exceda de
60 minutos : se valorara con ata 7 puntos. Para outorgar puntuación
neste criterio e necesario que a tarifa resultante sexa inferior a
fixada no apartado 2.1**

Na oferta presentada pola empresa CONTINENTAL PARKING SL comprobese
que o porcentaxe de diminución correspondente ao apartado 2.1. e dun 20 %
resultando una tarifa minuto de 0,0240 € e o porcentaxe de diminución no
apartado 2.5 e dun 15% polo que a tarifa resultante e 0,0255 € polo tanto non
inferior a tarifa fixada no apartado 2.1 polo que non procede outorgar
puntuación neste criterio.

Na a oferta presentada SABA APARCAMIENTO SA comprobese que o
porcentaxe de diminución correspondente ao apartado 2.1. e dun 16,67 %
resultando una tarifa minuto de 0,0250 € e o porcentaxe de diminución no
apartado 2.5 e dun 8,33% polo que a tarifa resultante e 0,0275 € polo tanto



non inferior a tarifa fixada no apartado 2.1 polo que non procede outorgar puntuación neste criterio .

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 6.

2.6 Porcentaxe de diminución do importe da tarifa minuto máxima fixado na cláusula 8 do PCAP para o uso rotatorio das prazas de aparcamento cando o tempo de estancia do vehículo non exceda de 15 minutos : se valorara con ata 7 puntos. Para outorgar puntuación neste criterio e necesario que a tarifa resultante sexa inferior a fixada no apartado 2.1

Examinada a oferta presentada pola empresa CONTINENTAL PARKING SL comprobouse que o porcentaxe de diminución correspondente ao apartado 2.1. e dun 20 % resultando una tarifa minuto de 0,0240 € e o porcentaxe de diminución no apartado 2.6 e dun 20% polo que a tarifa resultante e 0,0240 € polo tanto non inferior a tarifa fixada no apartado 2.1 polo que non procede outorgar puntuación neste criterio .

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 7.

2.7 Incremento do importe do canon por enriba do mínimo esixido na cláusula 7 do PCAP expresado en euros / ano ; se valorara con ata 5 puntos.

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 8.

2.8 Porcentaxe de diminución do importe dos abonos mensuais previstos na cláusula PCAP, de motocicletas a aplicar os residentes : se valorara con ata 2 puntos .

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 9.

2.9 Porcentaxe de diminución do importe fixado para o abono mensual de motocicletas previstos na cláusula 8 PCAP : se valorara con ata 2 puntos .

Inclúese a valoración deste criterio na táboa 10.

A vista do exposto procedese a suma da valoración dos distintos criterios avaliados mediante fórmula, contido nas táboas axuntas ao presente informe, que e a seguinte:

CONTINENTAL PARKING S.L.	42,20
EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.	44,40
INTERPARKING HISPANIA S.A.	53,94
SABA APARCAMIENTOS S.A.	58,31



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA TRANSPORTES,
PROXECTOS ESTATAIS E
EUROPEOS**

**CONCELLO DE
VIGO**

UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	37,11
--	-------

E as puntuacións totais relativas ós criterios de valoración, de xuízo de valor e avaliáveis mediante fórmula, son as seguintes, que se relacionan por orde descendente de maior a menor:

Empresas	Puntuación xuízo de valor	Puntuación formula	Puntuación total
CONTINENTAL PARKING S.L.	22,425	42,20	64,63
EMPARK APARCAMIENTOS E SERCIOS S.A.	24,000	44,40	68,40
INTERPARKING HISPANIA S.A.	23,100	53,94	77,04
SABA APARCAMIENTOS S.A.	20,550	58,31	78,86
UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	24,075	37,11	61,19

Á vista das mesmas, procede propoñer á Mesa de Contratación a clasificación dos licitadores no seguinte orde descendente :

Empresas	Puntuación total
SABA APARCAMIENTOS S.A.	78,86
INTERPARKING HISPANIA S.A.	77,04
EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.	68,4
CONTINENTAL PARKING S.L.	64,63
UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	61,19

FDO : A XEFA DO SERVIZO DE TRANSPORTES: Carmen Pintado Garcia

